

GALEGO

ASÓMATE Á HISTORIA DE LUGO

Ventás arqueolóxicas

Todos eles permiten configurar un itinerario a partir do cal é posible coñecer e gozar do pasado romano da cidade.



 Acceso á muralla por ascensor

 Acceso á muralla por rampa

P  Aparcadoiros reservados
P Aparcadoiros públicos

Camiño de Santiago

RESTOS EDIFICIO ROMANO

1

Na planta baixa desta casa do s. XIX consérvanse os restos pertencentes a un edificio romano do s. III-IV d.C. Consisten en dous muros perpendiculares, en cachotería de lousa, que definen dúas estancias ou ámbitos diferenciados dunha edificación. Unha destas estancias conserva practicamente intacto o seu pavimento de *opus signinum* (composto por fragmentos de tella e ladrillo con morteiro de cal).

Rúa Miño, 12
(Oficina de Turismo
da Xunta de Galicia)

CIMENTOS PORTA ROMANA

2

A Porta Nova é unha das cinco portas da Muralla de Lugo que se consideran orixinais. Da súa orixe romana fálanos non só a súa localización senón tamén a existencia, ao seu paso, dun pavimento viario e dos restos correspondentes aos seus cimentos que parecen corresponderse á estrutura dunha contraporta interior. Consisten en varias filas de perpiaños de granito asentados a óso, inmediatos á calzada, pero lixeiramente retraídos en relación á porta, nun dos cales se le a inscrición FVNDAM (alusiva aos cimentos da antiga porta romana).

Porta Nova (Rúa Nova)

RESTOS ACUEDUTO ROMANO

3

A obra romana é recoñecible no muro corrido, de aproximadamente un metro de ancho, fabricado en *opus caementicium* (formigón romano realizado con cuarcitas de mediano tamaño ligadas con morteiro de cal e area), no que se observan as pegadas do encofrado de madeira. Como base da estrutura de *caementicium* emprégase un empedrado de cuarcitas e arxila, máis ancho co muro. Esta estrutura constituía a base sobre a cal discorría a canle de auga (*specus*). Presenta unha remodelación posterior, realizada en cachotería de lousa, datada probablemente en época medieval.

Rúa San Marcos

Restos Edificio Romano



Cimentos Porta Romana



Restos Acueduto Romano



MURO ROMANO

4

Fragmento de muro (duns 30 m. de longo) construído en cachotería de lousa, pertencente á cimentación da fachada dun edificio de época romana, que discorre paralelo a unha das rúas principais (*decumano*) de *Lucus Augusti*. En 1986 realizouse a escavación arqueolóxica do aparcadoiro subterráneo e os datos que proporcionou datan os restos deste edificio cara mediados do século II d. C.

Plaza de Santo Domingo

MOSAICOS ROMANOS

5

Fragmentos de mosaicos romanos, con decoración de motivos xeométricos e vexetais, con temas figurados, pertencentes a unha das *domus* ou casas máis grande da cidade, a *Domus Oceani* ou Casa dos Mosaicos, datada a finais do século III e inicios do século IV d.C., cuxos restos podemos visitar no soto do edificio que se encontra xusto en fronte.

Rúa Doutor Castro

CIMENTOS BASÍLICA ROMANA

6

Trátase dun dos poucos vestixios que se conservan do Foro romano da cidade, identificados cos restos da cimentación da basílica foral, na cal estaba a sede dos tribunais de xustiza e era lugar de celebración de reunións de diversa índole. O muro, de 1,35 m. de ancho, está construído en *opus caementicium* (formigón romano) na base e lousas na parte superior, e sustentaría a columnata occidental da nave central da basílica.

Edificio de Novas
Tecnoloxías, Praza de Anxo
Fernández Gómez, s/n

Muro Romano



Mosaicos Romanos



Cimentos Basílica Romana




PISCINA ROMANA

7

O seu bo estado de conservación permite ver a forma rectangular da piscina cos extremos menores absidais. Estaba revestida integramente de mosaico, do que se conserva unha parte significativa. Inicialmente interpretouse como un posible baptisterio ou piscina bautismal, pero parece máis probable que se trate dunha pequena piscina de auga fría (*frigidarium*) pertencente a un complexo termal ou *balneum* doméstico, do s. IV d. C.

Praza Santa María

Piscina Romana



RESTOS TEMPLO ROMANO

8

Moi preto da Muralla Romana, localízanse os restos dun edificio de planta rectangular e pequena cabeceira semicircular cara ao leste, datado no s. IV d. C. Contaba cun pavimento de *opus signinum* (composto por anacos de tella e ladrillo con morteiro de cal) rudamente conservado. A súa construción é atípica no contexto arquitectónico do Lugo romano, e aínda que a súa funcionalidade está por definir, parece corresponder a un pequeno templo de época tardorromana.

Círculo das Artes por
rúa Bispo Aguirre

Restos Templo Romano




ESTRUTURA FUNERARIA

9

Posible estrutura de carácter funerario, a modo de cámara sepulcral semisoterrada, para acoller un enterramento de incineración, datada nos séculos I-II d.C. De forma cuadrangular, con algo máis de dous metros cadrados de superficie (1,53 x 1,57 m), está construída con muros de cachotería de lousa, e contaba con cinco chanzos de acceso.

O Vello Cárcere

Estrutura funeraria





Concello de Lugo

Ven;
**é
Lugo**



www.lugo.gal



fb.com/LugoTurismo



@lugoturismo



app de lugoturismo